

# CIG-SAÚDE *informa*

## NINGÚN/HA TRABALLADOR/A SEN REPRESENTACIÓN SINDICAL

CIG-SAÚDE fai un chamamento ao sindicato de Técnicos en Coidados Auxiliares de enfermaría (USAE) a que retire os laudos presentados na Inspección de Traballo. Pretenden deixar ao persoal MIR, PIR, FIR, EIR ... SEN DEREITOS SINDICAIS.

O persoal en formación do SERGAS ten unha relación laboral especial mediante contrato laboral, pero isto nunca impidiu que, por acordo de todas as organizacións sindicais, estas/es traballadoras/es participasen nos procesos electorais ás xuntas de persoal.

Xa nas anteriores eleccións sindicais do 2015, este mesmo sindicato corporativo, que di representar os dereitos das/os traballadoras/es, presentou impugnacións aos procesos de eleccións sindicais co gallo de impedir que estas/es traballadoras/es, as/os que non representan, non puideran participar nas eleccións das xuntas de persoal e que quedaran sen representación sindical.

A participación do persoal en formación nos procesos de eleccións sindicais, non afecta á representación que USAE poida acadar nas eleccións sindicais que se celebrarán no ámbito do SERGAS o próximo 23 de maio.

- Demostrouse nas eleccións sindicais do 2015 onde, sen este persoal, USAE non acadou a suficiente representación para estar na Mesa Sectorial.
- Polo que, non poden culpar ao persoal en formación dos seus resultados electorais.

Como sindicato defendemos que ningún/ha traballador/a pode quedar excluído da representación sindical.

### USAE sabe:

- Que onde se negocian as condicións laborais do persoal do SERGAS é na mesa sectorial.
- Que os comités de empresa no ámbito do persoal residente non son viables. As/os posibles candidatas/os non permanecen durante os catro anos do mandato electoral. No caso das enfermeiras especialistas a formación dura só dous anos.

Se o persoal residente queda fora da mesa sectorial, queda excluído de toda posibilidade de negociar as súas condicións laborais e retributivas.

CIG-SAÚDE insiste en que todas/os as/os traballadoras/es do SERGAS teñen dereito á representación sindical baixo a representación unitaria.

**Ninguén ten dereito a impedir a representación unitaria para sacar un rendemento sindical falso.**

**CIG-Saúde fai un chamamento á cordura sindical e ao dereito de todas/os a participar na representación unitaria.**